

EVOLUCIÓN DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS NO PERÍODO 2001-2006

2. EVOLUCIÓN DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS NO PERÍODO 2001-2006.

Os datos deste apartado ó igual que no resto do informe están expresados en euros, máis exactamente en euros correntes de cada ano, sen ter en conta a inflación, neste caso aínda que nos anos analizados nesta evolución non era oficial o cambio de peseta/euro mantense a expresión en euros para que todo o Informe sexa homoxéneo.

2.1. TOTAL DE INGRESOS

Cadro nº 15

INGRESOS

Miles de euros

	2001	2002	2003	2004	2005	2006
A Coruña	135.589,3	147.543,4	146.137,0	159.376,7	160.941,5	166.849,4
Lugo	70.245,1	73.244,2	79.766,4	101.975,9	105.316,4	159.022,9
Ourense	61.593,1	67.472,9	75.063,7	79.082,9	85.633,1	77.234,7
Pontevedra	100.228,2	107.595,5	114.847,0	125.122,3	141.545,4	145.794,2
Galicia	367.655,7	395.855,9	415.814,0	465.557,8	493.436,4	548.901,2

Euros por habitante


	2001	2002	2003	2004	2005	2006
A Coruña	122,3	133,2	131,4	142,2	142,9	148,0
Lugo	192,1	201,2	220,5	282,9	294,9	446,4
Ourense	179,2	195,8	218,4	231,1	252,3	228,2
Pontevedra	109,8	117,4	124,8	134,9	151,0	154,8
Galicia	134,6	144,8	151,9	169,2	178,8	198,6

A suma total dos ingresos do orzamento das catro deputacións pasou dos 367.655.700 euros no ano 2001 ós 548.901.200 euros en 2006, o que supoñe un inremento global no período do 49,3 %, e un incremento interanual medio de 8,3 %, experimentando o total de ingresos unha traxectoria de crecemento continuado con incrementos interanuais en tódolos anos do período.

O crecemento global ou entre os extremos do período máis alto ofreceuno o orzamento da Deputación de Lugo co 126,4 % e un interanual medio do 17,8 %. O orzamento da Deputación da Coruña que presentou un crecemento total de 23,1 %, e unha taxa interanual do 4,2 % é o menor do período analizado.

O orzamento da Deputación de Pontevedra reflicte un aumento porcentual de 45,5% e unha taxa de cremento interanual do 7,8 %. O orzamento de ingresos da Deputación de Ourense amosa unha porcentaxe de crecemento global do 25,4 % e unha taxa de incremento interanual do 4,6%. A Deputación da Coruña presenta unha traxectoria discontinúa con diminución do seu volume de ingresos no ano 2003 e a de Ourense tamén reflicte unha discontinuidade na súa senda xa que en 2006 decrece.

Ingresos Totais por habitante



Ó comparar os orzamentos de ingresos das catro Deputacións provinciais engadindo a variable poboacional, vese que a media de Galicia pasou dos 134,6 euros por habitante no 2001 ós 198,6 euros no 2006, polo que de forma destacada pode verse que as traxectorias dos resultados nas deputacións están repartidas en dous grupos: o de Lugo e Ourense, con resultados dende o inicio de preto dos 180 euros por

habitante na provincia de Ourense, e superior ós 190 euros por habitante en Lugo, ata chegar no 2006 os preto dos 450 euros per capita en Lugo, e ós 228 per capita en Ourense; e por outra banda o grupo constituído polas deputacións de Coruña e Pontevedra, que sendo as máis poboadas as cifras totais de ingresos per cápita son as máis baixas, xa que a Deputación da Coruña non superou ningún ano do período 2001/2006 a cifra de 150 euros por habitante, e a Deputación de Pontevedra superou levemente esta cantidade con 151 euros por habitante en 2005, e con 154,8 euros por habitante en 2006.

A Deputación de Lugo é a que presenta os valores máis altos desta variable en todos os anos entre 2001 e 2006 ámbolos dous incluídos. En termos per cápita no outro extremo atópanse a Deputación de Pontevedra que presenta para os anos 2001 a 2004 o valor mais baixo das catro provincias, e a Deputación da Coruña que presenta nos anos 2005 e 2006 os mais baixos.

2.2. GASTOS DE PERSOAL

Os gastos de persoal nos orzamentos das catro Deputacións creceron de forma continuada sen presentar ningunha diminución interanual, presentando unha liña de crecemento continuado ó longo do período 2001/2006 nas catro Deputacións, cun crecemento total porcentual no mesmo do 41,4% e cunha taxa de incremento interanual do 7,2%, crecemento inferior este ano ó total do orzamento, acadando unha cifra de 118.683.000 euros en 2006, observándose que é unha das variables orzamentarias que en termos absolutos presentan menor diferenza entre unhas Deputacións e outras.

Estes gastos creceron en maior proporción na Deputación de Pontevedra, cun incremento total do 65,5 %, a unha taxa interanual do 10,6%, cunha evolución á alza, seguida da Deputación de Lugo cun incremento do 37,2% e unha taxa interanual do 6,5%. Na Deputación da Coruña o incremento é do 34,5% e unha taxa interanual do 6,1%, e por último na Deputación de Ourense manifestase o incremento máis baixo cun 27,3% e unha taxa interanual do 4,9%.

Cadro nº 16

GASTOS DE PERSOAL


Miles de euros

	2001	2002	2003	2004	2005	2006
A Coruña	24.153,3	25.960,6	28.889,5	29.719,5	30.869,0	32.490,9
Lugo	19.928,1	21.785,0	22.719,0	23.944,6	26.375,0	27.348,9
Ourense	18.683,8	19.668,9	20.083,6	21.370,5	22.090,3	23.782,8
Pontevedra	21.184,3	22.775,0	24.918,3	28.998,4	33.255,6	35.060,4
Galicia	83.949,4	90.189,5	96.610,4	104.032,9	112.589,9	118.683,0

Euros por habitante

	2001	2002	2003	2004	2005	2006
A Coruña	21,8	23,4	26,0	26,5	27,4	28,8
Lugo	54,5	59,8	62,8	66,4	73,9	76,8
Ourense	54,1	57,1	58,4	62,4	65,1	70,3
Pontevedra	23,2	24,9	27,1	31,3	35,5	37,2
Galicia	30,7	33,0	35,3	37,8	40,8	42,9

Nos gastos de persoal observase, como no total de ingresos, traxectorias diferenciadas en dúas bandas; dunha banda as de Lugo e Ourense, e doutra as de Coruña e Pontevedra, reflectindo neste caso máis distancia entre os resultados en termos per cápita xa que as primeiras que parten duns valores preto dos 54 euros por habitante no 2001 e chegan os 76 euros por habitante en 2006, están moi por encima dos resultados en gastos de persoal per cápita nas provincias da Coruña e Pontevedra que parten de 28 euros por habitante na Coruña e suben ata os 37 euros por habitante en Pontevedra.



As Deputacións de Lugo e Ourense presentan valores superiores ás das outras Deputacións en tódolos anos do período deste análise (2001/2006), chegando a se-la súa cifra mais do dobre que a da Coruña que é a de menor importe en termos de euros por habitante, e preto do dobre da de Pontevedra.

2.3. INVESTIMENTOS.

Este agregado de gastos resultado da suma dos capítulos VI, Investimentos reais e do VII, Tránsferencias de capital, reflicte un incremento global entre os extremos do período do 51,1 % para o total das catro deputacións, isto é creceron estes gastos a unha taxa interanual media do 8,6%.

Nesta variable reflíctese unha evolución diferenciada entre unhas deputacións e outras, así destaca o caso da Deputación da Coruña que era a que partía coa cifra máis alta de investimentos, e na que o volume total de investimentos neste período descendeu xa que pasou dos 65.009 miles de euros en 2001 ós 64.815,4 miles de euros en 2006 o que representa unha diminución do 0,3% entre os extremos do período , observándose unha traxectoria discontinua , xa que nos anos 2003 e 2005 o importe de investimentos consignados nos seus orzamentos iniciais descenderon respecto ós anteriores.

A de Lugo é a que presenta o maior incremento desta variable nos anos obxecto de análise, cun incremento do 199,8 %, e do 24,6% de taxa de incremento interanual, triplicando o importe de 2006 ó reflectido no orzamento inicial de 2001, xa que pasou dos 30.133,2 miles de euros ós 90.329,3 en 2006 que é a cifra máis alta das catro deputacións.

A Deputación de Ourense que é a de menor importe dos investimentos en valores absolutos presenta un forte incremento en tódolos anos deste análise do 109,9 %, duplicando a súa cifra de 2001 e do 16 % de taxa de incremento medio interanual.

Os investimentos nos orzamentos iniciais da deputación de Pontevedra reflicten un crecemento discontinuo pasando dos 54.970,5 miles de euros en 2001 ós 65.372,9 en 2006 o que supón un crecemento do 18,9% ou unha taxa media do 3,5% interanual, aínda que en 2003 e en 2006 descenden os importes de investimentos respecto ós anos 2002 e 2005 respectivamente.

Cuadro nº 17


INVESTIMENTOS

Miles de euros

	2001	2002	2003	2004	2005	2006
A Coruña	65.009,0	76.220,2	67.088,4	67.206,1	63.424,9	64.815,4
Lugo	30.133,2	34.966,8	40.377,1	36.774,5	53.301,3	90.329,3
Ourense	10.601,6	11.970,4	18.178,3	18.026,1	20.675,2	22.256,0
Pontevedra	54.970,5	58.225,9	55.002,7	62.971,3	70.719,7	65.372,9
Galicia	160.714,3	181.383,3	180.646,5	184.977,8	208.121,1	242.773,6

Euros por habitante

	2001	2002	2003	2004	2005	2006
A Coruña	58,7	68,8	60,3	60,0	56,3	57,5
Lugo	82,4	96,0	111,6	102,0	149,2	253,6
Ourense	30,7	34,7	52,9	52,7	60,9	65,7
Pontevedra	60,2	63,6	59,8	67,9	75,4	69,4
Galicia	58,8	66,4	66,0	67,2	75,4	87,8



En termos per cápita obsérvase claramente a forte traxectoria alcista dos investimentos na Deputación de Lugo que ó dividilos pola poboación resultan os máis altos das catro deputacións, deixando as outras traxectorias a moita distancia, xa que en 2006 o importe é de 253,6 euros por habitante en Lugo fronte a 57,5 euros por habitante na Coruña a de menor importe.

Obsérvase que a evolución en Ourense foi positiva xa que foi reducindo a distancia coas outras, xa que hai que ter en conta que partía coa cifra máis baixa tanto en termos absolutos como ó relacionala coa poboación.

2.4. INGRESOS TRIBUTARIOS.

Os ingresos tributarios variaron considerablemente neste período froito das novas na lexislación das facendas locais, reflectíndose nestes dous últimos exercicios xa a cesión parcial de determinados impostos, como o IRPF, no capítulo I de impostos directos e os impostos indirectos como contrapartida da diminución dos ingresos polos recargos do Imposto sobre actividades económicas. Así obsérvase que o crecemento destes ingresos neste período foi do 120,8 % entre os extremos ou unha taxa de crecemento medio do 17,2% para o total das catro deputacións.

A deputación de Ourense é a única que reflicte unha diminución debido a non adecuar aínda o seu orzamento inicial á nova normativa, verificándose unha diminución do 32,3% entre os extremos, ou unha taxa de diminución media do 7,5% anual, polo que se alonxa aínda máis das outras deputacións, xa que partía xa da cifra máis baixa en 2001.

Pontevedra é a deputación na que se reflicte o maior incremento co 187,9% total o que é unha taxa do 23,6% anual, seguida polo crecemento do 145,3% e taxa anual de 19,7% na deputación da Coruña que é a de maior importe das catro.

Nos orzamentos da deputación de Lugo reflíctese un crecemento de 86,4% global e do 13,3% de taxa anual.

En termos per cápita as traxectorias son claras xa que os importes máis altos ó relacionar os ingresos tributarios coa poboación son os de Lugo con moita distancia e as outras tres que parten de cifras similares, desdóblanse en dous bandas , por unha banda as traxectorias de Pontevedra e da Coruña que son crecentes e pola outra banda a senda de Ourense que descende.